UNIDADE 11: A ARTE DO NOSO TEMPO: UNIVERSALIZACIÓN DA ARTE

EXERCICIO PARA O/A TITOR/A

Comenta a imaxe atendendo aos seguintes aspectos:

Para comentar esta obra, convén que sigas unha serie de pasos que che van axudar a clarificar os aspectos a comentar e as pautas da análise. En primeiro lugar, bótalle un ollo aos aspectos que debes comentar nunha obra escultórica que están no correo de presentación da materia ou tema 0; despois, fíxate nos comentarios de obras de arte que tes nos exercicios descargables autoavaliables desta unidade; alí atoparás un modelo de análise que debe centrarse nos seguintes aspectos:

1. Análise formal e tipolóxico: Debes comezar facendo unha análise descritiva da arquitectura ante a que estamos, como son a planta e o alzado do edificio, que función cumpre este, como son os seus muros e soportes, como é a cuberta e que tipo de espazo interno se crea, considerando as relacións entre espazo interior e exterior,...

2. Identificación da obra: Nome da obra, cronoloxía, estilo e autor.

3. Contexto histórico-artístico: Debes relacionar esta obra cos aspectos máis salientables do seu período histórico, e co estilo artístico no que se desenvolve.

Lembra que estes aspectos non constitúen un modelo pechado, xa que cada obra ofrece unhas características particulares ás que debes atender na súa análise. Para comentar esta obra, é fundamental que coñezas os contidos da unidade 11: repasa as características e o contexto do estilo ao que pertence, ten en conta a persoalidade do autor e a súa evolución estilística, e sinala cales son as consecucións máis importantes da obra, tendo en conta que esta forma parte dun conxunto inacabado nas súas trazas iniciais, ao que tamén debes facer algunha referencia. Tampouco está de máis que observes un programa educativo que se che propón ao respecto.